

Apdo. 971

15.080 A CORUÑA.

A Coruña, 14-8-89.

Prof. Antonio Meijide Pardo
A CORUÑA.

Mui estimado Profesor:

Desde aquelas misivas que nos cruzamos en febreiro/87, dous e meio anos pasados, volvo a escrever-lle; esta volta non para recabar, senón para fornecer informazón. E relacionada, como entón, ~~en~~ los Juega/Jueguen.

Veo de ler, co pracer que sempre poño nos seus documentadísimos estudos sobre o pasado coruñés e galego, o seu traballo sobre as Casas de baños marinedizas do século pasado, na Revista "La Coruña" de R. Barbeito, e vixeme obrigado a facer-lle, sen ánimo de lucimento mas con vocación de utilidade, por se lle fosen proveitosas para un ~~sucesivo~~ ^{próximo} traballo, as seguintes - precisons:

1º) Se hai na Coruña unha rúa que teña tido unha accidentada vida, esa foi a avenida costeira da praia de Riazor. Dando datas aproximadas, a casa de baños "La Primitiva" ostentou, sucesivamente: c. 1873, Riazor, 5 e 5 duplicado; c. 1880, Rubine, 47/49/51 (incorporada a Rubine como 2º tramo); c. 1925, Buenos Aires, 49 (desafectada de Rubine sen cambio de numerazon); c. 1980, Buenos Aires 7-9 (en que se consumou ^{total e} correctamente dita desafección). Baixo - esas sucesivas denominazons/numerazons compre procurar mais documentazón no AMB... que foi o que eu fixen inda non hai muito e puiden así redondear a miña información, de orixe familiar, até ese momento.

2º) E aquí ven o concreto: "La Primitiva" non é que estivese fronteira á del, é que é a mesma que fora de Howland e projectara Faustino Domínguez (por certo que entrando en Oza dos Ríos hai unha, menor, coa mesma estrutura fachadal); o Howland que, teño idaia, morreu dali a pouco (nen debeu dar feito a outra casa de baño do nmº. 18; non se referirá "La Ilustración Gallega y Asturiana" do 79 á mesma "Primitiva" e non á número 18? Por certo que consultada a reedición da "La Ilustración" citada, non encontrei esa data de 29-7-879 -o nmº. mais próximo é do 30-7-879-, b) non nese número do 30 ven nada a respeito de nengunha casa de baño viria nunhas hipotéticas páginas publicitárias suprimidas na reedición; ou querería vé. mentar outra das várias "Ilustracions" que houbo?).

Foi mágoa non conectarmos antes de sair ese estudo, - pois teño abondo material, mesmo gráfico, e, concretando, a magnífica fotografía

..//..

Dipónia de seu affuso

Xosé-M^o Monterroso Revesa - Juega

aérea (que figurou na recente exposición sobre a Coruña antiga no Quiosco Alfonso e hoje na exposición do projecto do paseio marítimo, no Palácio Municipal, en ambos os casos sen pé que a identifique!) que é dos últimos anos 20 e que, anacronicamente, foi incluída na "Historia da Coruña" en cómic, à página 52, passada a deseño como fundo de voo do aparello de Iacombe (c.1910), e digo isto porque se, dn esencia, está igual o edificio principal, já figura na foto un engadido lateral esquerdo feito en 1926/27 (ver expediente daquel ano no AMC, suscrito polo meu tio-avô Luis Juega).

Tamén teño, espero que por bastantes anos mais e con saíde, a testemuña viva de miña vella, que, junté con dous primos mais (unha en Politevedra e outro en Madrid, inda que aquí estes días) son, con 78 anos, os que mellor lembran cousas da casa dos avós: ignoro se conservará documentación outra prima, muito mais nova, mas filla do ^{pen} último dono, meu aludido tio Luis, veciña nosa.

77? Fago-lle fincapé no nome "La Primitiva" para sugerir o seu carácter decano contemporáneo do balneario municipal (construída no mesmo 74, non sei desde cando nomeada "Primitiva") e anterior a todos os mais, incluída "La Salud", a eterna rival e que mais recográ a gentes a) por durar algun tempo mais (anos 50), b) por ficar más inmediata ao centro e mesmo ao areal, praticamente metida nel.

E, para rematar, unhas ligeiras pinceladas de historia de "La Primitiva". Projectado o edificio por Faustino Domínguez a instâncias do promotor Guillermo Howland de Quesada, entre 1874 e 1875 construída, aparece en 1877 co nome "La Primitiva", dirigida polo proprietário Tomás Velázquez, que - ainda a posuía en 1890 (data do anuncio que se publica no seu artigo). A fins de século era de Antonio Nogueira, proprietario que, arruinado, se teria suicidado. En Jullo de 1903 adquire-a o Dr. Ramón Juega Charlin (lagés, procedente do Uruguai) a Marcelino García Torreños (apoderado ou albacea de Nogueira?). En Janeiro de 1905 morre, prematuramente, Juega, quedando a finca ^{en} poder de unha parte - dos fillos, para acabar sendo, nos anos 20, de exclusiva propriedade do mais novo, o uruguaiño nativo Luis Juega López. Ali aconteceu o sonado suceso do ano 8, en que a poetisa Juana Teresa Juega foi tiroteada polo seu mozo o Tte. Morales, que se suicidou no acto (durando miña tia-avô até os 94!). E ali refugiou L. Juega a seu correligionario, o ex-presidente da Deputación e deputado a cortes republicano Alfredo Somoza (c.1936), algun dos ^{longos} varios anos que este infotunado político botou oculto na sua cidade, antes de poder fugir, via França, para o Uruguai. En 1944 meu tio vende a casa a un tal Loureiro e este mantén a actividade industrial até o 46 en que morre "La Primitiva", logo de 70 anos de exercicio e 40 nas mans da familia Juega, o edificio é derrubado c.1952, e hoxe ergue-se ali a casa de vivendas do ex-Instituto Nacional de Previsión.

font
905

6 denominado "Chalet Rizor"